

- **Disponibilidade da aula:**

Como xa comentei na práctica 1, o meu Centro é pequeno, trátase dun IES con 8 unidades que comprenden dende 1º ata 4º da ESO, e outra unidade a maiores de PDC. O Centro conta con dúas aulas de ordenadores:

- ✓ **Aula de Informática:** esta aula ten unha ocupación bastante grande e resultaría difícil empregala para a Práctica esixida neste curso.
- ✓ **Aula de Tecnoloxía:** esta aula está a disposición do departamento de Tecnoloxía, do cal por circunstancias que non veñen ao caso tamén formo parte este curso. En esta aula, como xa comentei na práctica 1 non teño ningún problema para dispor da mesma os martes e xoves de toda-las semanas, non só no periodo de práctica elixido, senón que podría seguir a dar clase na mesma no caso de seguir coa experimentación en outras unidades.

- **Os PCs da aula.:**

Por sorte para min, e tamén para os alumn@s o Centro é novo (ano 2.002) e a equipación da aula de Tecnoloxía aínda é máis recente. Todo-los ordenadores son novos, con una antigüedad que non chega a 4 anos en ningún caso e polo tanto reúnen todos os requisitos.

O único pero é que, por mor da seguridade os PCs formateanse sempre despois da súa utilización. Xa falei con Diego abarca, Director e Xefe do Departamento de Tecnoloxía, e doume a clave de Administrador para introducir as modificacións precisas: xa estou adiantando traballo e descargando a maquina virtual de Java en todo-los ordenadores.

Tamén vou a tratar de instalar a versión de Newton xa descargada: aquí teño unha cuestión técnica a resolver con Diego, e en caso de non poder resolvela con él, plantexareina ao ASESOR TÉCNICO do curso.

As características xerais dos PCs son:

- ✓ Procesadores: AMD ATHLON 64 x 2 DUAL CORE PROCESADOR 4800+
- ✓ Sistema operativo: WINDOWS XP-2.002
- ✓ Memoria RAM: 2 GB
- ✓ Disco duro: 150 MB
- ✓ Pantalla: DELL- 17"

- **Agrupamentos dos alumnos:**

Como dixen antes o grupo elixido é 4ºESO-A, un grupo de 14 alumnos e dispoñemos de ordenadores suficientes para traballar de todos os xeitos posibles: **individual**, por **parella** ou **pequeno grupo**. Tamén podemos nalgún caso traballar en **gran grupo**.

A posibilidade existe e a forma de traballo estará determinada en cada caso polo tipo de actividade que propoña no tema a traballar. A posibilidade de elixir e propoñer diferentes tipos de actividade están en conexión co OBXECTIVO proposto de **fomentar o traballo individual e en grupo** pero tamén permitirá, modificando os agrupamentos traballar a **atención personalizada**: é unha das miñas metas poder plantexar actividades/escenas e traballo de reforzo para aqueles alumnos que así o precisen pero tamén actividades de ampliación para aqueles que queiran afondar mais dentro do tema elixido.

- **Distribución dos PCs, conectividade e outros medios.:**

- ✓ **Distribución:** Os ordenadores da aula de Tecnoloxía dispoñense en **dúas columnas** perpendiculares ao encerado e orientados cara as paredes laterais da aula. Esta disposición permite desde a mesa do profesor ter unha visión clara do que están a traballar en cada momento. Ademais entre as dúas filas dispoñemos de 24 mesas para poder sentarse a escribir se así o precisan ou atender ás explicacións do profesor.

- ✓ **Conectividad:** todos los ordenadores están conectados á rede do Centro, pero esta posibilidade non me atrae demasiado, xa que moitas veces quédanse colgados, e esta experimentación na aula require dun deseño de actividades que fagan que o traballo sexa entretido pero tamén contínuo, pois unha das dificultades previstas é a dispersión na atención dos alumnos. Por iso pretendo e prefiro dispoñer da versión descargada de Newton en cada ordenador.
- ✓ **Outros medios:** Ademais dispoñemos, xa na mesma aula de Tecnoloxía, dun **portatil** e un **canón** e **pantalla** que nos permiten explicar algunha escea en particular ou facer algunha actividade de tipo maxistral.